

11. A crise do século XVII: aspectos socio-económicos e políticos.

O século XVII está enmarcado durante o reinado dos chamados Austrias menores (Felipe III, Felipe IV e Carlos II). **A crise económica e demográfica** comeza xa no último cuarto do século XVI e responde a unha explicación multicausal: por un lado, o gasto suntuario da Corte, a política imperial de Carlos I e as campañas bélicas deste e o seu fillo Felipe II no exterior, obsesionados por aparecer coma os líderes universais da cristiandade, debilitan fondamente á Facenda real; recordemos que en 1556 declárase a bancarrota. Por outro lado, a chegada masiva de metal precioso de América (ouro e sobre todo prata) ten como consecuencia un aumento exponencial da moeda circulante, o que incide na brusca subida da inflación. Asemade o clero e a nobreza non invirten as súas ganancias en sectores innovadores como o comercio ou a industria e a burguesía non o foi o suficientemente numerosa nin forte e tendía a imitar os modelos rendistas dos estamentos privilexiados.

Os conflitos con países europeos cunha economía máis potente (Inglaterra, Provincias Unidas) provocará a redución das exportacións peninsulares (a guerra textil), isto sumado as derrotas en Europa, a emigración cara América, a peste atlántica, as malas colleitas e a expulsión dos Mouriscos (campesiños na súa maioría con especial impacto na zona de Valencia) por Filipe III en 1609 desembocarán nunha crise económica que terá efectos adversos na estrutura demográfica, estancándose a poboación nuns 7,5-8 millóns de persoas durante o período sinalado. Cabe sinalar que neste século o proceso de perifricación da Península se completa e a introducción de novos cultivos procedentes de América permite mitigar no noroeste en parte os efectos desta crise económica e demográfica.

Esta crise tivo no seu impacto na política e destaca a tentativa reformadora do **conde-duque de Olivares**, valido de **Felipe IV** de Habsburgo (1621-1665). Olivares redactou o *Gran Memorial*, onde lle mostraba ó Rei os males que aqueixaban a unha Monarquía hispánica en crise, e propoñía solucións para acadar principalmente **tres obxectivos**: debilitar o poder político e social de nobreza e Igrexa, mellorar a economía incentivando a produción propia levando a cabo unha política mercantilista (intervencionista e proteccionista) co fin de activar un comercio interior e internacional, uniformizar administrativamente a Coroa a través de impoñer progresivamente a lei castelá nos diferentes territorios peninsulares e repartir equitativamente o recrutamento de tropas e a recadación de tributos para facer fronte ás continuas campañas bélicas europeas no contexto da **Guerra dos 30 anos (1618-1648)**; Olivares argumentaba que a aportación de homes e tributos debería ser proporcional á cantidade de poboación e á riqueza dos diferentes reinos (ata ese momento a Coroa de Castela sostiña todo o peso fiscal e militar). Iste proxecto foi coñecido coma a **Unión de Armas**.

As dúas últimas medidas sinaladas xeraron o rexeitamento dos territorios non castelás, o que tivo como consecuencia o estoupido da **rebelión catalana** e a **independencia de Portugal en 1640**, auspiciada por Francia e Inglaterra (lembramos que o país luso pertencía á Coroa hispánica dende 1580). No caso catalán, a rebelión xermina debido á obriga que tiña o principado de dar aloxamento ós soldados españois, en plena guerra con Francia no Rosellón; de feito, Cataluña chega a formar parte da Coroa francesa. A Guerra dos trinta anos e os seus enormes gastos foron moi perxudiciais para a Monarquía aggrandando os problemas da facenda real (bancarrota en 1627) e marcaron

o ocaso da hexemonía hispana en Europa coa **Paz de Westfalia** en 1648. Cabe sinalar un intento da nobreza andaluza para rebelarse con Olivares por parte de Medina Sidonia.

O valido, personalización de todos estes males, perde a confianza do rei i é afastado do poder en 1643. Pódese pensar que as medidas impostas polo Conde-duque non fructificaron, aínda que no século seguinte, os primeiros Borbóns recuperarán en parte a senda reformista e uniformizadora de Olivares.